

– Administrativo interino, clasificada no Grupo C, Subgrupo C1. Número de praza RPT; PF04 .

**Lugar e prazo de presentación das solicitudes:** No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 15 de maio de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1321

---

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía número 2025-0088 de data do 14.5.2025, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de abril de 2025 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 15,85 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 131,22 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 15 de maio de 2025.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1322

---

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 7/05/2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de ABRIL de 2025, polo importe total de 3.647,22 €.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 12 de maio de 2025.- O Alcalde, P.O. 1º Tenente de Alcalde, D. Benjamín García Toirán.

R. 1323

---

## A POBRA DO BROLLÓN

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MARZO 2025**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025-0438, de data 13.05.2025, aprobouse o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2025 e as liquidacións integrantes do mesmo, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

Contra o acto de aprobación do citado padrón e/ou as liquidacións contidas no mesmo poderá interperse recurso previo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de